



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas		Código	652G03039
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Profesorado	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Web	https://moodle.udc.es/course/view.php?id=52416			
Descrición xeral	<p>A análise da realidade (variables, necesidades, recursos, procesos de interacción e contextos), así como a súa valoración, son elementos esenciais para o diagnóstico socioeducativo que deben realizar os/as educadores/as sociais como paso previo á toma de decisións de intervención socioeducativa nos diversos contextos nos que poida desenvolver a súa actuación profesional (eido educativo, familiar, laboral e sociocomunitario). A través da materia "Avaliación e Diagnóstico das Necesidades Socioeducativas" abórdanse os procesos de avaliación e diagnóstico desde a perspectiva da prevención e/ou detección das necesidades socioeducativas.</p> <p>Así, tendo en conta que unha das principais funcións do/a educador/a social é a posta en marcha de intervencións de carácter socioeducativo orientadas a garantir a plena participación da diversidade de individuos que compoñen a nosa sociedade, previamente precisase que este/a profesional dispoña dos fundamentos conceptuais, os procedementos metodolóxicos, as técnicas e os instrumentos que lle permitan analizar a realidade social, indagar sobre os sucesos e os grupos en situacións socioeducativas complexas, estimar o xeito en que se desenvolverán as actuacións profesionais e tomar decisións orientadas á intervención. Con esta materia preténdese ofrecer una base teórico-práctica do diagnóstico en diferentes contextos da actividade do/da profesional da Educación Social: familia, grupo de iguais, barrio e comunidade, e empregando una ampla variedade de técnicas e instrumentos de recollida de datos. Trátase de dar relevancia á figura do/da educador/a social como realizador/a e interactuante no diagnóstico das necesidades socioeducativas, comprendendo caáles son as súas competencias para lograr una actuación adecuada neste eido.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen: análise de fontes documentais, estudo de casos, portafolio do alumnado, sesión maxistral, proba mixta.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obradoiro: as actividades integradas dentro desta metodoloxía, tales como as discusións, debates e simulacros levaranse a cabo na modalidade virtual, sempre que sexa posible. No tocante á participación de profesionais da educación social, atenderase á posibilidade das persoas convidadas a participar en modalidade virtual ou, don contrario, cancelarse a actividade. <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - TEAMS: atenderase a través desta plataforma (reunións virtuais, chat) só no horario de clase e titorías. Non se atenderán dúbidas fóra de este horario (salvo excepcións). - Outlook: atenderanse correos electrónicos do alumnado no horario de titorías. Non se atenderán correos que sexan enviados fóra deste horario. - Foro Campus Virtual: habilitarase un espazo no Campus Virtual para as dúbidas "xerais" e de cada un dos contidos da materia. As dúbidas serán respondidas pola docente nun prazo máximo de dous días. <p>4. Modificacións na avaliación; non se realizarán cambios.</p> <p>*Observacións de avaliación: anúlase a obrigatoriedade da asistencia no caso de confinamento. Non obstante, o alumnado deberá realizar nas datas previstas os tests correspondentes á proba mixta. No caso de non realizaren algún dos tests, deberá ir a proba final, prevista inicialmente para o alumnado non asistente, e cuxa data está fixada en Xunta de Facultade.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non se realizarán cambios.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recoñecer e analizar os factores relacionados coa inclusión social, educativa, cultural e laboral que afecta a intervención socioeducativa	A5 A8	B2	
Identificar, analizar e comprender a realidade social, cultural e educativa.	A5 A8 A11	B1 B6	C6
Deseñar, implementar e aplicar procesos, metodoloxías e recursos de detección de necesidades e diagnóstico socioeducativo en diversos contextos.	A13 A21	B6	C1
Redactar e presentar a información da avaliación e diagnóstico dun xeito sintético e organizado, e cunha expresión oral e escrita adecuada.	A11	B1 B2 B6	C1 C6
Transmitir a información críticamente, adecuando o discurso ás diversas audiencias.	A8 A11	B1 B2 B6	C1



Demostrar e promover unha actitude aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común	A13	B2	C1 C6
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		B2 B6	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Conceptualización do diagnóstico en educación e nas necesidades socioeducativas	1.1. Algunhas definicións. Diagnóstico 1.2. Modelos teóricos da avaliación de necesidades 1.3. Elementos humanos realizadores e interactuantes no diagnóstico. As competencias da/o profesional da Educación Social para lograr unha actuación adecuada.
Tema 2. Dimensións do diagnóstico nos seus ámbitos	2.1. Dimensións, ámbitos e áreas de actuación no diagnóstico 2.2. Estudo especial da dimensión socioambiental: familia, grupo de pares, barrio e comunidade
Tema 3. A recollida de datos: técnicas e instrumentos	3.1. Clasificación das técnicas: proxectivas, subxectivas, psicométricas, sociométricas 3.2. Estudo especial da observación: instrumentos para a recollida de datos na observación. 3.3. Estudo especial das participativas de avaliación de necesidades 3.4 O informe diagnóstico: tipos de informe, estrutura e redacción

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A8 A11	14	14	28
Proba mixta	A5 A8 A21 B1 B2 B6 C1	2	8	10
Estudo de casos	A5 A8 A13 A21 B1 B6 C1 C6	10	22	32
Obradoiro	A11 B6 C1 C6	2	2	4
Análise de fontes documentais	A11 B1 B2 C6	2	16	18
Simulación	A11 B1	4	4	8
Portafolios do alumno	A21 B1 B2 B6 C1 C6	8	36	44
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral por parte da docente (formato presencial ou virtual, segundo o permita a situación relativa ao COVID-19), na que se traballarán os contidos que conforman o marco teórico, complementada co uso de presentacións e medios audiovisuais. No caso de que a sesión se realice de xeito presencial ou virtual (síncrona), introduciranse cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, coa fin de que a aprendizaxe teña un carácter máis dinámico e permita a participación do alumnado.</p> <p>A estrutura das sesións maxistrais rexirase pola orde establecida nos ?contidos de aprendizaxe?, introducindo teóricamente os temas e subtemas; ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para afondar no tema; e o traballo teórico complementarase coas actividades prácticas, que se desenvolverán nas sesión interactivas, a través das outras metodoloxías contempladas (análise de fontes documentais, estudo de casos, obradoiro...)</p>



Proba mixta	Proba escrita para a avaliación continua das aprendizaxes, que se subdividirá en tres partes/momentos, correspondentes á finalización de cada un dos bloques de contidos. As tres probas, conxuntamente, equivalen ao "exame final da materia". Polo tanto, únicamente as persoas que non cumpran cos criterios especificados no apartado de avaliación terán que presentarse a un exame final que aúne todos os contidos, e cuxa data está fixada por Xunta de Facultade.
Estudo de casos	<p>Actividade na que se lle presentará ao alumnado unha situación problemática específica coa que podería atoparse na súa futura vida profesional, ou na que se tomarán experiencias do alumnado (Prácticum I e II) para analizar críticamente unha realidade. Describírase de xeito amplo e detallado, e o alumnado deberá ser quen de comprender, analizar, valorar e resolver o problema, tomando como marco de referencia as aprendizaxes adquiridas nas sesións maxistras e outros materiais complementarios facilitados pola docente ou dispoñibles na bibliografía básica da materia.</p> <p>Realízase grupalmente (o nº de participantes a determinar, segundo o alumnado matriculado) e será no grupo no que se analice, debata e valore o caso presentado, e se discutan os feitos e as posibles solucións ata chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión.</p>
Obradoiro	<p>Modalidade formativa que será combinada con outras metodoloxías (estudo de casos, análise de fontes documentais, simulacións...) para tentar ofrecer unha aplicación práctica ás aprendizaxes a través do desenvolvemento de tarefas prácticas sobre un tema específico, sendo supervisado e apoiado pola docente.</p> <p>Tamén poderá estar presente nos debates e discusións dirixidas a invitación de profesionais do campo da Educación Social para abordar cuestións relativas á avaliación e o diagnóstico no contexto de institucións socioeducativas.</p> <p>Realízase de xeito presencial, apoiado polas TICs e, preferentemente, en pequenos grupos de traballo (3-4 estudantes) para que se traballe de forma conxunta na resolución de tarefas, de xeito que optimicen a súa aprendizaxe e se retroalimenten do traballo.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Actividades destinadas a que o alumnado realice a lectura e análise crítica da información procedente de fontes documentais diversas. Tras unha lectura reflexiva, deberá responder ás cuestións formuladas pola docente:</p> <p>(a) documentos relevantes (artigos de revista e/ou prensa, capítulos de libros...) que permitan a definición dos conceptos clave da materia, trala procura por parte do alumnado.</p> <p>(b) lectura, resumo e análise de documentos para a preparación de contidos a expoñer ante os/as seus compañeiros/as;</p> <p>(c) lectura para ampliar a comprensión de conceptos básicos da materia e que permitan a elaboración de pensamentos razoados sobre as competencias, perfís e funcións do/da educador/a social como avaliador/a.</p>
Simulación	Nas sesións interativas, levarase a cabo a representación de fenómenos hipotéticos equivalentes aos que se poderán atopar no seu futuro profesional para o seu análise sixelo, nun contexto de aula, tentando que o alumnado poña a proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias.
Portafolios do alumno	Trátase dun documento que elaborará o alumnado (individual ou grupalmente) reflectindo todos os aprendizaxes adquiridos nas sesións prácticas. Non se trata de presentar os resultados das actividades, senón de reflexionar e afondar na aprendizaxe adquirida en base a eles.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



<p>Obradoiro</p> <p>Análise de fontes documentais</p> <p>Estudo de casos</p> <p>Portafolios do alumno</p>	<p>Durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o manexo de fontes e a resolución de problemas prácticos. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.</p> <p>O alumnado poderá consultar dúbidas no horario de titorías. As ditas titorías poderán ser atendidas, segundo as circunstancias sanitarias do momento, ben de forma presencial (despacho P1 A19) ou virtual (TEAMS, Outlook), exclusivamente no horario de titorías que figura na web da Facultade.</p> <hr/> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudante dos Grao na UDC (Art. 2.3.,3b y 4.5) (29%5/212)".</p> <p>Este alumnado desenvolverá a súa actividade coa asistencia e a participación nas dinámicas recollidas no apartado de "Metodoloxías" y en "Atención personalizada", aplicable ás prácticas de "análise de fontes documentais", "estudo de casos", "simulación" e "portafolio de alumnado", a través dos grupos de traballo que se formen ao iniciar a materia.</p> <p>A actividade farase seguindo as observacións de avaliación sobre a flexibilidade da asistencia-participación e os requerimentos para superar a materia.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A5 A8 A21 B1 B2 B6 C1	<p>Proba na que se valorará de forma progresiva a adquisición dos coñecementos teórico e prácticos da asignatura.</p> <p>Realizarase en tres partes/momentos, incorporando en cada unha das probas contidos relativos ao bloque finalizado. A proba atenderá a todos os contidos abordados en cada parte da materia (clases expositivas + clases interactivas).</p> <p>Os tipos de preguntas poderán ser de verdadeiro/falso (V/F), resposta múltiple e/ou resposta curta. O sistema de corrección da dita proba será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preguntas V/F: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta. - Preguntas resposta múltiple: aplicarase a fórmula de corrección ao azar (acertos - erros/nº alternativas - 1) - Preguntas resposta curta: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada. 	30



Portafolios do alumno	A21 B1 B2 B6 C1 C6	<p>As actividades incluídas na metodoloxía docente (estudo de casos, obradoiro, análise de fontes documentais) realizaranse, eminentemente, nas clases interactivas. O alumnado deberá recoller o resultado de cada actividade nun documento, que será entregado una semana despois de finalizar todas as clases. Poderánse formar grupos para traballar de forma conxunta (o nº de integrantes dependerá do nº alumnado matriculado).</p> <p>O documento final a entregar deberá conter os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Portada (institucional) e índice paxinado- Actividades: cada unha das actividades traballadas deberá conter (a) introducción fundamentada, (b) resultados acadados e (c) reflexión sobre a práctica.- Reflexión final sobre o conxunto da materia (contidos teóricos, prácticas, interaccións...). Débense contemplar os seguintes aspectos: valoración persoal das prácticas con respecto á práctica profesional, apreciacións persoais sobre as titorías realizadas (dentro e/ou fora do horario), valoración da temporalización do desenvolvemento das prácticas, outros aspectos a considerar. <p>A docente realizará un seguimento das prácticas que se vaian elaborando por cada grupo e indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo.</p> <p>A avaliación das aprendizaxes mediante esta metodoloxía levarase a cabo a través de rúbricas deseñadas para cada unha das actividades e que se porán a disposición do alumnado antes da realización de cada actividade.</p>	70
-----------------------	--------------------	---	----

Observacións avaliación



REQUERIMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA:

o Asistir a clase. A asistencia a clase é obrigatoria nun 80% das sesións prácticas.

o Participar en clase. A condición de alumnado asistente (80% de asistencia) supón, non só a asistencia, senón tamén a participación e aproveitamento do tempo de clase.

o Realizar todas as actividades obrigatorias que computan na avaliación final da materia; isto é: a proba mixta (tests dos bloques de contidos 1, 2 e 3) e o portafolio.

o Acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia, calquera que sexa a modalidade de avaliación á que se somete o estudante. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

o Axustarse ás datas de entrega sinaladas no calendario presentado durante a presentación da materia. As entregas fóra de prazo ou a ausencia de entrega terán unha calificación de 0 puntos e, polo tanto, suporán unha calificación final de suspenso.

o Realizar as actividades propostas, aproveitando e optimizando o tempo que se destina na aula.

o Realizar traballos de carácter orixinal. O incumprimento das normas éticas na realización de traballos académicos suporá unha calificación de 0 puntos na mesma e, polo tanto, dará lugar a unha calificación final de suspenso. Baixo ningunha circunstancia aceptaranse traballos parcial ou totalmente extraídos doutras fontes que non foran debidamente citadas.

MODALIDADES DE AVALIACIÓN

Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

o Avaliación continua: modalidade de avaliación aplicable a alumnado asistente; é dicir, a aquel que cumpla co requisito de asistencia dun 80% das sesións prácticas; e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial (sempre que cumpla co réxime de asistencia):- Alumnado asistente: Será evaluado ao longo do proceso de aprendizaxe, a través da realización das diversas prácticas establecidas dentro das metodoloxías de avaliación (análise de fontes documentais, estudos de caso, simulación) que será revisado pola profesora e incorporado ao portafolio da asignatura, así como das avaliacións (tests) realizadas a través da metodoloxía de "proba mixta" que se desenvolverá ao longo do cuadrimestre.

- Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial: atendiendo á norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 y 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa e a entregue á docente, concertando unha titoría na que lle informará sobre o xeito en que se desenvolverá o proceso de aprendizaxe. Realizará as actividades de forma individual, e a súa avaliación consistirá na entrega das prácticas establecidas dentro das metodoloxías de avaliación (de maneira autónoma, e cunha ponderación de 70%) e a avaliación final por medio da proba mixta (30%), sempre e cando non lle sexa posible someterse ás avaliacións continuas baixo a modalidade de "proba mixta".

o Avaliación final: modalidade de avaliación aplicable ao alumnado non asistente (aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%). Recoméndaselle a realización das actividades prácticas (análise de fontes documentais, estudo de casos e simulación) de modo autónomo, e acoder regularmente a titorías para a consulta de dúbidas sobre as mesmas. Será avaliado mediante proba mixta tanto das actividades prácticas como dos contidos teóricos nunha proba ao final do cuadrimestre, na que se ponderará cun 70% os contidos relativos as actividades do portafolio e un 30% os contidos teóricos da materia.



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Álvarez Rojo, V., García Jiménez, E., Gil Flores, J., Martínez Clares, P., Romero Rodríguez, S., &am (2002). Primera fase de la intervención: La determinación de las necesidades de los destinatarios del programa (pp. 51-93). EOS. - Bryman, A. (2016). Social research methods. Oxford University Press. - Corbetta, P. (2010). Metodologías y técnicas de investigación social. McGraw Hill. - Diz López, M.J. (2017). Necesidades formativas. Modelos para su análisis y evaluación. Revista de Estudios e Investigación en Psicología y Educación, Extr.(6), 1-5 - Granados García-Tenorio, P., & Mudarra Sánchez, M.J. (2010). Diagnóstico en educación social. Sanz y Torres - Losada Puente, L. (2021). Evaluación y diagnóstico de las necesidades socioeducativas. Manual docente (2ª ed.). EUNOIA. - Losada, L., Muñoz, J.M., & Espiñeira, E.M. (2015). Perfiles, funciones y competencias del educador social a debate: análisis de la trayectoria de la formación de profesionales de la educación social. RES Revista de Educación Social, 60, 59-76 - Pérez-Campanero, M.P. (1991). Cómo directar las necesidades de intervención socioeducativas. Narcea. - Rubio, M.J., & Varas, J. (2011). El análisis de la realidad en la intervención social: Métodos y técnicas de investigación . CCS. - Sánchez Romero, C. (2015). Formación y desarrollo profesional del educador social en contextos de intervención. UNED.
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Benítez Ramírez, M.C. (2013). El informe socioeducativo: instrumento de la Educación Social. RES Revista de Educación Social, 16, 1-17 - Escudero, J. (2010). Análisis de la realidad local: Técnicas y Métodos de intervención desde la animación sociocultural. . Narcea. - Fernández-Ballesteros, R. (2009). Evaluación psicológica: Conceptos, métodos y estudios de caso. CCS. - Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. New Age International Publisher. - Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners . APH Publishing Corporation. - Muiños, R. (2008). El diagnóstico participativo. EUNED. - Pérez Serrano, G (2003). Pedagogía social. Educación social: Construcción científica e intervención práctica. Narcea. - Rodríguez Pérez, A. y Morera Bello, M.D. (2001). El sociograma: Estudio de las relaciones informales en las organizaciones. Pirámide. - Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Punto Rojo Libros, S.L.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías